

LER
PARA
SABER


PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

O EFECTO FRANKENSTEIN

ELIA BARCELÓ

rodeira

Actividades



rodeira

A close-up, symmetrical image of two human faces, likely a man and a woman, looking directly at the camera. The skin of both faces is covered in a dense, intricate network of fine, dark cracks, resembling parched earth or weathered stone. The lighting is dramatic, with deep shadows in the creases and highlights on the bridge of the nose and the edges of the faces. The overall mood is somber and evocative.

**LER
PARA
SABER**

1. Completa a ficha bibliográfica do libro:

Título:
Autor/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. Despois de ler a novela, fíxate no título:

* Por que cres que a autora o titula así?

* Consideras que che dá pistas sobre a trama do libro? Cales?

* Que título lle poñerías ti? Por que?

3. Tendo en conta a totalidade da narración, marca a opción ou opcións que consideres correctas e argumenta, en cada caso, a túa elección.

* A novela que liches trata:

- Dunha viaxe fantástica.
- Da importancia de pertencer a un grupo.
- Das dificultades para se reinserir na sociedade.
- Do amor incondicional dun pai polo seu fillo.
- Da obriga de asumir as nosas responsabilidades.
- Da desigualdade entre sexos e clases sociais.
- De ningunha das opcións anteriores.

* O narrador é:

- Un narrador en primeira persoa.
- Un narrador omnisciente, que o conta desde fóra da historia.
- Unha alternancia de voces narrativas.
- Ningunha das opcións anteriores.

4. Ao inicio do libro, Max esperta nunha casa en ruínas e, aínda que non recorda nin o seu nome, reconece as badaladas da catedral de Nosa Señora a Bela.

* Busca unha imaxe desta catedral e péga aquí.

* Busca información sobre a cidade onde se atopa esta catedral. (Podes consultar o libro).

- * Nomea catro cousas que recomendarías visitar nesta cidade.

Resposta libre.

- 5.** Cando Nora se lanza ao río para salvar unha nena, dise que é unha boa nadadora. Ímonos centrar neste deporte.

- * Que beneficios achega a práctica da natación? Enumera os oito principais e descríbeos brevemente

* Todo o mundo pode practicar este deporte? Ten algunha contraindicación?

* Practicas exercicio físico de forma periódica? Cal? Que beneficio cres que che achega este deporte?

6. Cando Nora e Max se coñecen, sen máis, ela leva a Max á súa casa e convídao a pasar a noite alí porque o ve un pouco desorientado.

* Que farías ti no lugar de Nora?

* Ofreceríaslle a un descoñecido pasar a noite na túa casa? Razona a resposta.

* Se foses Max, aceptarías durmir na casa dunha persoa que non coñeces? Por que?

7. Na escena posterior á ducha que toma Max na casa de Nora, ambos sentan a tomar dúas cuncas de chocolate e un anaco de torta.

* Recordas de que era a torta?

* Que ingredientes se precisan para elaborar esta torta?

* En que consiste a súa elaboración?

8. Na novela aparecen as seguintes palabras: *lixeira, ferruxento, faldriqueira, tontillo, disensión, decente, redomas, liñaxe e saias*.

- * Esolle seis palabras desta listaxe e redacta un texto dunhas 10-15 liñas onde aparezan estes termos. (Podes consultar o dicionario se descoñeces o significado dalgún deles).

9. No capítulo 3, faise referencia á primeira muller admitida na facultade de Medicina. Busca información sobre as primeiras mulleres que tiveron acceso á universidade no noso país e fai un breve resumo. Indica tamén quen foi a primeira muller que se matriculou en Medicina en España e en Galicia.

10. Nun momento determinado da novela aparece a afirmación: «Hoxe en día as mulleres non temos por que esperar a que sexan eles os que dean o primeiro paso».

* Reflexiona sobre a túa opinión en relación con esta afirmación.

* Pregúntalles aos teus avós (ou a algunha persoa maior) como era na súa época. Podían tomar a iniciativa nunha relación as mulleres? Por que?

* Facede unha posta en común co resto dos compañeiros sobre este tema e a información que obtivestes. Comparádeas.

11. Cando Max regresa á súa época e vai ao edificio de Anatomía pasa polo *hortus medicus* e recorda as horas que pasou alí lendo ou discutindo con outros compañeiros da facultade.

* Recordas que cultivan no *hortus medicus*? (Podes consultar o libro).

* A seguir, asocia o nome coa fotografía correspondente.



12. Na pregunta anterior faise referencia a algunhas plantas que se poderían atopar nun *hortus medicus*.

* Infórmate sobre as propiedades destas plantas e enche o cadro a modo de resumo.

PLANTA	PROPIEDADES
Valeriana	
Ginseng	
Áloe vera	
Romeu	
Mexacán	
Equinácea	
Xarxa	
Menta	

* Utilizaches algunha vez este tipo de plantas para resolver algún problema de saúde? Cales? Para que?

* Cal é a túa opinión sobre a súa utilización?

13. En varios momentos da novela faise referencia a Mozart e á súa música, xa que era un contemporáneo de Max.

* Tes algunha melodía, clásica ou moderna, preferida? Cal?

* Búscaa e escribe un breve texto sobre por que é a túa preferida.

* En grupos de 7 ou 8 alumnos, despois de lle presentar a melodía ao resto do grupo e o porqué desta elección, escollede unha destas melodías e preparade unha coreografía para realizar diante do resto de compañeiros.

14. Na historia faise referencia ao láudano, un tipo de droga derivada do opio. Socialmente existen outras drogas, consideradas «brandas», que son aceptadas e que tamén resultan prexudiciais para a saúde, como son o alcohol e o tabaco.

* Proñoñémosvos que, en grupos de 4 ou 5 alumnos, escollades unha das dúas opcións e elaborades un mural para facer reflexionar as persoas sobre as consecuencias de consumilas. (Podedes buscar información previamente en distintas fontes).


Utilizade diferentes técnicas para elaborar o voso póster para que resulte atractivo e capte a atención da clase.

15. Nora leva un colgante dun bufo no pescozo. Busca a relación deste animal cos seguintes elementos que aparecen na novela:

* A deusa Atenea.

* Os Illuminati.


* A seguir, colorea este mandala. Inténtao facer en silencio e con concentración.



16. Ao longo da novela fanse numerosas referencias ao papel da muller na sociedade daquela época e como este cambiou en relación coa actualidade. Na novela aparece o termo *sororidade*.

* Sabes en que consiste a sororidade?

* Busca unha noticia no xornal relacionada co apoderamento feminino e coméntaa co resto dos teus compañeiros. Elaborade un mural na aula con todas as noticias.



17. A novela desenvolve a posibilidade de viaxar no tempo. Imaxina que puideses facelo e redacta un texto baseado neste tema. Escolle unha época determinada e infórmate sobre as súas características para telas en conta na túa narración.

18. Fai unha valoración crítica do libro que liches:

* Gustouche a novela? Razona a túa resposta.

* Consideras que o argumento da obra é crible?

* Liches algunha obra de temática semellante? Cal?

* Coñecías a autora da novela? Liches algún outro libro seu? Cal? Gustouche?

* Recomendaríaslles a lectura desta novela aos teus amigos? Razo a resposta.

- 19.** Para finalizar, imaxina que tes a posibilidade de estar cara a cara con Elia Barceló; escribe que che gustaría comentarlle ou preguntarlle con referencia ao libro que liches.